

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación

A materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II pode agruparse en catro bloques coas súas correspondentes unidades didácticas:

Bloque 1.- Análise:

Unidad didáctica 1.- Límites e continuidade

Unidad didáctica 2.- Derivadas

Unidad didáctica 3.- Aplicación das derivadas

Unidad didáctica 4.- Representación de funcións

Unidad didáctica 5.- Integrais

Bloque 2.- Álgebra:

Unidad didáctica 6.- Sistemas de ecuacións

Unidad didáctica 7.- Matrices

Unidad didáctica 8.- Determinantes

Unidad didáctica 9.- Programación lineal

Bloque 3.- Estatística e probabilidade:

Unidad didáctica 10.- Probabilidade

Unidad didáctica 11.- Distribucións binomial e normal

Unidad didáctica 12.- Inferencia estatística. Estimación

Bloque 4.- Sociedade:

Unidad didáctica 13.- Matemáticas para a vida en sociedade

Ao rematar cada unidade didáctica dos tres primeiros bloques, ou cada dúas no caso de que o docente así o considere, realizarase unha proba escrita na que se avaliará o contido de esa unidade e todas as anteriores do bloque correspondentes.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, coincidindo co período correspondente. A cualificación de cada alumno en cada avaliación obterase a partir da media ponderada das cualificacións das probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O peso de cada proba dependerá da materia que abarque, de xeito que unha proba con mais contido terá, polo menos o mesmo peso que outra con menor contido.

Considerando o perfil do noso alumnado, que máis do 95% se presentan ás probas PAU ao remate do curso realizaremos unha proba seguindo os criterios publicado pola CIUG para a proba PAU da materia Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

A **nota final do curso** calcularase tendo en conta a distribución seguinte:

Un 24% para a media ponderada das probas escritas de cada un dos tres primeiros bloques.

Un 24% para a nota da proba final.

Un 4% que se obterá das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 (bloque 4) que estarán asociados a rúbricas e listaxes de cotexo coas que se avaliarán:

Traballos individuais e/ou en grupo.

Probas TIC.

Observación diaria na aula.

A materia considerárase aprobada se esta nota é 5 ou maior.

No caso de ter a materia aprobada asignárase a cualificación correspondente ao redondeo enteiro do resultado da distribución indicada anteriormente. No caso de non aprobar a materia, a cualificación será o enteiro máis próximo entre os seguintes: 0, 1, 2, 3 ou 4.

Durante a celebración da totalidade das probas escritas que o profesorado do Departamento de Matemáticas realice non estará permitido que o alumnado fale entre si, copie o contido das probas doutro/a alumno/a ou de calquera soporte en papel e/ou utilicen calquera dispositivo electrónico non autorizado polo/a docente (móbil, tableta, reloxo dixital, calculadora programable, etc.) ou algún outro dispositivo non autorizado que poida ser empregado para a resolución dos exercicios ou problemas formulados. De darse algunha destas circunstancias, retirárasele a proba escrita de forma inmediata e será cualificada cun cero.

As respostas dadas en calquera tipo de proba que non estean debidamente razoadas serán cualificadas cun cero.

No caso daquel alumnado que presente, o mesmo día que se incorpora ao centro, unha xustificación médica ou de deber inescusable para a non asistencia a unha proba escrita, terá dereito a realizala. A data da nova proba será fixada polo profesorado da materia, podendo ter que facer o exame a/o alumna/o o primeiro día da súa incorporación, se a/o docente o considera oportuno. No caso de faltas non xustificadas oficialmente a probas escritas, estas serán cualificadas cun cero. De non superar a avaliación, o alumnado poderá avaliarse na proba escrita de recuperación correspondente.

O emprego de calculadoras non programables en cada unha das probas a realizar durante o curso quedará a criterio do profesorado. Non se poderán empregar outro tipo de dispositivos electrónicos na realización das probas.

No caso que a situación sanitaria non permita o ensino presencial, as notas poden obterse mediante probas online ou envío de traballos en tempo e forma que o/a profesor/a considere.

No caso das probas online, realizaranse coa ferramenta corporativa da Consellería e poderá esixirse a utilización de cámara web. Estas probas poden ser escritas, constar dunha parte oral, ou ser integramente orais, segundo o/a profesor/a considere. O alumnado debe comprometerse a realizar este tipo de proba de forma honesta.

O/A alumno/a non poderá facer uso da internet para buscar as respostas ás preguntas da proba online, a non ser que se indique de forma específica na proba. De detectarse esta práctica a nota correspondente á proba será cero.

Criterios de recuperación

Logo do remate de cada un dos tres primeiros bloques haberá exames nos que o alumnado poderá recuperar o bloque suspenso. A nota da proba (sempre que esta supere a nota do bloque suspenso) será a nova nota do bloque. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que ese bloque está superado.

Se a cualificación final é inferior a 5, o alumno poderá utilizar a proba final para superar todo o curso, incluíndo os bloques suspensos.

A proba extraordinaria de xuño formularase sobre aqueles contidos impartidos ao longo do curso que o profesorado considere, e a súa avaliación basearase na cualificación obtida na proba escrita. Dende o remate da avaliación ordinaria intentarase dar solución aos problemas xurdidos naquel alumnado que non acadase os mínimos requiridos para afrontar esa proba extraordinaria con visos de éxito.